



NARÓN

MSR

**Asunto:** Prego de condicións técnicas para a prestación do servizo do Programa Municipal Educativo Extraescolar "Promedex 5"

**Destinatario:** Departamento de contratación

## I. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

### A) Funcións e cometidos a realizar pola entidade adxudicataria

#### 1. Tarefas

- Execución dos obradoiros incluídos no programa PROMEDEX 5
- Atención dos/as usuarios/as participantes nas actividades, apertura da instalación (cando sexa preciso) e coidado das mesmas e atención a persoas usuarias a nivel telefónico para avisos relacionados coa docencia
- Relación de informes de incidencias (se as houberse)
- Elaboración de controis de asistencia mensuais ás actividades
- Impartición de clases didácticas
- Reunións de coordinación co responsable do contrato cando sexa requerido para coordinación de traballos
- Dinamización de grupos e publicidade dos obradoiros nos centros educativos: unha vez comezado o curso escolar, e iniciada a execución do contrato, a empresa adxudicataria levará a cabo a captación do alumnado inicial para cada unha das actividades en colaboración cos centros escolares, a través dos titores/as e equipo directivo do centro e da ANPA.
- Os/as monitores/as de actividade deberán de asegurarse, unha vez finalizada a actividade, que todo o alumnado participante sexa recollido polos seus pais ou por algún adulto responsable, debidamente autorizado. No caso de que a algún alumno/a non o recollan a tempo, deberá comunicalo ao coordinador ou ao propio centro, si non é posible contactar coa familia.
- Realización de memoria-resumo final consonte indicadores de:
  - Grado de satisfacción do alumnado por criterios de eficacia, grao de coñecemento adquirido.
  - Descriptor de metodoloxías organizativas cos profesionais do Servizo Sociocomunitario
  - Fotografías da actividade

#### 2. Duración e temporalización

O desenvolvemento das actividades extraescolares levarase a cabo todos os días lectivos dende setembro ata o 31 maio, según calendario escolar establecido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Mes de setembro: publicidade, xuntanzas de coordinación da actividade, dinamización e configuración de grupos

Mes de outubro e ata o 31 de maio : 1.686 h de execución dos obradoiros

Horas mínimas semanais por grupo: 2h ( agás o obradoiro de canción xuvenil e o de arte e cultura urbana no que se contemplan 3 h /semanais por grupo)

Unha hora ou hora e media por sesión dous días á semana, agás a escola de nais e pais que poderá ter dúas horas de duración por sesión e concentrarse un día á semana.

As actividades se desenvolverán en horario extraescolar en función das necesidades establecidas en cada un dos centros escolares, unha vez comenzado o curso escolar.

### **3. Accións de coordinación, seguemento, avaliación e control**

- Tanto a entidade adxudicataria como os usuarios/as quedan obrigados/a ás actuacións de seguemento que dispoña o Concello de Narón. A dirección técnica corresponderá ao Servizo Sociocomunitario, que adscribirá un/unha técnico/a supervisor/a do programa para o seguemento do mesmo.
- A empresa adxudicataria deberá desenvolver os traballos con estrito cumprimento do disposto no prego de condicións e de acordo cás instrucións e directrices que reciba do persoal técnico municipal.
- Por parte da entidade adxudicataria nomearase un/ha interlocutor/a que se relacionará co Concello, que en todo caso, deberá ter coñecementos acreditados a nivel de diplomado/a ou grao en educación social.
- O/a interlocutor/a sobredito/a deberá asistir a cantas reunións sexan requeridas polo/a técnico/a supervisor/a municipal

Serán funcións exclusivas do Concello de Narón por medio do Servizo Sociocomunitario as seguintes:

- Dirección técnica
- Selección e aceptación de usuarios/as
- Supervisión do traballo e do programa
- Asignación e modificación de horarios e tempos de cada acción do programa
- Asignación de tarefas e cometidos que haberán de realizar os/as educadores/as e outro persoal adscrito, distinto dos recollidos neste documento, así como a súa modificación.



#### **4. Protección de datos**

Polas características das tarefas a realizar, o servizo prestado estará suxeito á confidencialidade e o segredo profesional. A entidade adxudicataria enviará contrato de protección de datos tal e como determina a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

#### **B) Prestación efectiva do servizo**

- a) Considérase que a prestación do servizo terá como lugar a totalidade do termo municipal; e como tempo efectivo de servizo o transcorrido dende a chegada ao punto de realización da acción ata o abandono do mesmo, despois de realizar as tarefas e cometidos previstos. Non obstante o lugar habitual de execución dos traballos serán os centros educativos e a Casa da Mocidade.
- b) Así mesmo terán a consideración de tempos e lugar de prestación de servizo efectivo as reunións que os/as educadores/as teñan co/a responsable do contrato por convocatoria desta/e para o seguimento do programa.

#### **C) Recursos técnicos e materiais**

Perfil dos profesionais aportados pola empresa:

**Lote1)** Diplomados/as ou grao en educación social, psicopedagogos/as, pedagogos/as, psicólogos/as e mestres/as en educación infantil.

**Lote 2)** Diplomados/as ou grao en educación social, psicopedagogos/as, pedagogos/as, mestres/as en educación infantil, educación física, primaria, musical, lingua extranxeira, filólogos/as, técnicos/as en actividades físicas e deportivas, técnicos/as en animación sociocultural e monitores/as.

-A formación e a experiencia acreditada documentalmente (presentación da documentación correspondente)

-Relación nominal dos traballadores/as que desenvolverán os traballos

-Ratio de educadores/as-alumnos/as: mínimo 2/25

Recursos materiais a aportar pola empresa:

-Telefonía móbil ou fixa de contacto cós profesionais ou empresa e correo electrónico

- Soportes didácticos e materiais para a realización dos obradoiros

-1 vehículo propio para o desprazamento aos distintos centros educativos do concello

**D) Seguro de responsabilidade civil e accidentes**

A empresa adxudicataria formalizará un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos e accidentes que se poidan dar como consecuencia da prestación do servizo (contía mínima de 600.000€) debendo de figurar expresamente na póliza, a cobertura das idades e as actividades do alumnado participante na actividade.

**II. DOCUMENTACIÓN DA PROPOSTA**

- Unha memoria descritiva do servizo que pretende prestar a partir do proxecto base do Servizo Sociocomunitario ( *Anexo 1*) con extensión máxima de 20 folios DIN A4 ( **Lote 2**) e extensión máxima de 4 folios (**Lote 1**) polas dúas caras ,con caracteres fonte Verdana de Word e tipoloxía 12 ou similares) que incluirá:
  - Contextualización e adaptación á realidade de Narón
  - Técnicas e procedementos pedagóxicos
  - Secuencia de contidos e obxectivos operativos
  - Indicadores e mecanismos de avaliación + resultados esperados
  - Descriptor de metodoloxías organizativas cós profesionais do Servizo Sociocomunitario
- Cadro de persoal, engadindo:
  - Acreditación suficiente de formación específica do persoal adscrito ás actividades extraescolares.
  - Organigrama funcional que conteña o número de persoas e clasificación laboral e profesional, así como proposta de xornadas laborais e horarios de cada profesional aportado.

Narón, 5 de agosto de 2014

A educadora social do Servizo Sociocomunitario  
M<sup>a</sup> Mercedes Sánchez Romero  
( coleg nº 190)

## ANEXO

### Programa Municipal Educativo Extraescolar Promedex 5. Proxecto base do Servizo Sociocomunitario

#### Descrición

---

Obradoiros educativos de reforzo de diferentes áreas: idiomas, números e letras, novas tecnoloxías, igualdade, música, habilidades sociais e artes gráficas.

#### Obxectivos

---

-Favorecer o desenvolvemento de actividades que proporcionen unha formación integral ao alumnado

-Procurar que o alumnado acade unha optimización dos tempos extraescolares para a adquisición das competencias básicas que esixe a sociedade actual, ao tempo que se promove o esforzo compartido de toda a comunidade educativa cara o fomento do éxito escolar e a redución do abandono temperán dos estudos.

#### Destinatarios/as do programa

---

Alumnado de centros educativos públicos do concello de Narón e familia do alumnado.

#### Centro educativos participantes

---

A totalidade dos centros públicos de Narón: CEIP A Solaina, CEIP Pontexuvia, CRA, CEIP A Gándara, I.E.S Telleiras, I.E.S Terra de Trasancos, CPI O Feal, CEIP Piñeiros e CEIP V.Mar.

#### Lugar de utilización

---

Para a operativización do programa utilizaranse os centros escolares de Narón e casa da mocidade.

#### Idade de referencia

---

Alumnado de educación infantil, educación primaria, ESO e familias (consultar por actividade)

#### Grupos máximos/grupo

---

15 alumnos/as por grupo no obradoiro de arte e cultura urbana (graffiti), canción xuvenil e escolas de familias

10 alumnos/as no obradoiro xogolinguas, obradoiro de reforzo escolar "Reforzatic" e obradoiro de xogo popular e activación saudable.



**NARÓN**

MSR

**Horario**

---

De 16:00 a 20:00 horas

**Duración da actividade**

---

Unha hora por sesión dous días á semana , agás a escola de nais e pais que poderá ter dúas horas de duración por sesión e concentrarase un día á semana, e o obradoiro de voces e música e arte e cultura urbana, no que as sesións terán unha duración de unha hora e media.

**Perfil dos profesionais**

---

diplomados/as en educación social, pedagogos/as, psicopedagogos/as, mestres/as en educación infantil, filólogos/as, mestres/as en educación física, monitores/as de xogos populares, etc

**Data de inicio do programa**

---

Setembro de 2014 (publicidade, dinamización de grupos e xuntanzas de coordinación)

**Data de remate**

---

maio de 2015



NARÓN

MSR

**ACCIONES DO PROGRAMA EDUCATIVO "PROMEDEX V"**

**RECURSO:** Obradoiro Xogolinguas  
**PROGRAMA:** PROMEDEX 5

**DESCRIPCIÓN:**

Obradoiro de iniciación á lingua inglesa, francesa e alemana e práctica da lingua galega, dirixido aos máis pequenos

**OBXECTIVOS:**

- ✓ Ofertar un abano de recursos aos centros educativos para realizar fóra do horario lectivo
- ✓ Posibilitar unha primeira aproximación ás linguas dunha maneira lúdica

**LUGAR DE UBICACIÓN:** centros educativos públicos de Narón

**IDADE DE REFERENCIA:** educación infantil e 1º ciclo de educación primaria

**GRUPOS MÁXIMOS:** 10 nenos/as por grupo

**DATAS:** De outubro a maio

**HORARIO:** en horario de tarde entre as 16:00 e as 20:00 h

**SOLICITUDE INSCRIPCIÓN:** no rexistro de entrada do Concello.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** mes de setembro

**APORTACIÓN DO CONCELLO:**

Recursos humanos:

- ✓ Unha educadora social de apoio
- ✓ Un supervisor xeral licenciado en ciencias da educación
- ✓ Dous diplomadas/os en maxisteiro expertas /os en linguas ou filólogos/as.

Recursos materiais:

- ✓ Radio-CD con cancións en diversas linguas e conversacións moi sinxela
- ✓ Folios, cartulinas, pinturas cores, rotuladores, tesoiras infantís, pintura de dedos, gomets, etc

**APORTACIÓN DO SOLICITANTE:** Solicitud + pago da tarifa 2ª de actividades do Servizo Sociocomunitario( 8,15€/usuario/a mes )



**RECURSO:** Reforzatic( reforzo educativo a traves das novas tecnoloxias)

**PROGRAMA:** PROMEDEX 5

**DESCRICIÓN:** Obradoiro de reforzo educativo a través do emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de aprendizaxe.

**OBXECTIVOS:**

- ✓ Achegar as novas tecnoloxías e todo o seu potencial cara a adquisición de coñecementos así como concienciar e educar no uso responsable das novas tecnoloxías da comunicación e da información.
- ✓ Ofertar un abano de recursos aos centros educativos para realizar fóra do horario lectivo
- ✓ Reforzar ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe nas áreas de lingua e matemática mediante a utilización de dinámicas e exercicios grupais de comprensión,síntese,cálculo lóxico,matemático dirixido a educación primaria.

**LUGAR DE UBICACIÓN:** centros educativos públicos de Narón

**IDADE DE REFERENCIA:** educación primaria

**GRUPOS MÁXIMOS:** 10 nenos/as por grupo( derivados polo departamento de orientación do centro educativo)

**DATAS:** De outubro a maio

**HORARIO:** en horario de tarde entre as 16:00 e as 19:00 h

**SOLICITUDE INSCRICIÓN:** no rexistro de entrada do Concello.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** mes de setembro

**APORTACIÓN DO CONCELLO:**

Recursos humanos:

- ✓ Unha educadora social de apoio
- ✓ Un supervisor xeral licenciado en ciencias da educación
- ✓ Un/unha diplomado/a en maxisterio

Recursos materiais:

- ✓ CDs interactivos con material de apoio ás clases, xogos educativos en liña, páxinas webs de interese,revistas,links de videos educativos, etc

**APORTACIÓN DO SOLICITANTE:** Solicitud( está actividade é de balde)





**RECURSO: xogo popular e activación saudable**  
**PROGRAMA: PROMEDEX 5**

**DESCRIPCIÓN:** Obradoiro de activación saudable mediante a práctica predeportiva en destrezas tales como patinaxe, flag-football e xogo popular que a súa vez sirven de instrumento de educación para a cidadanía, traballando premisas da igualdade, o traballo en grupo e para a comunidade así como o adestramento en habilidades sociais positivas.

**OBXECTIVOS:**

- ✓ Diseñar, artellar e posta en práctica dun espazo lúdico-formativo que introduza aos nenos/as na práctica do deporte e no traballo de valores en grupo.
- ✓ Ofertar un abano de recursos aos centros educativos para realizar fóra do horario lectivo

**LUGAR DE UBICACIÓN:** centros educativos públicos de Narón

**IDADE DE REFERENCIA:** Alumnado de E.P e ESO.

**GRUPOS MÁXIMOS:** 10 nenos/as por grupo

**DATAS:** De outubro a maio

**HORARIO:** en horario de tarde entre as 16:00 e as 20:00 h

**SOLICITUDE INSCRIPCIÓN:** no rexistro de entrada do Concello.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** mes de setembro

**APORTACIÓN DO CONCELLO:**

Recursos humanos:

- ✓ Unha educadora social de apoio
- ✓ Un supervisor xeral licenciado en ciencias da educación
- ✓ 2 monitores/as especialista en xogos e deportes, preferiblemente animadores socioculturales ou diplomados en Educación Infantil; sempre con formación ou experiencia específica en xogo e deporte.

Recursos materiais:

Material de xogos e deportes.

**APORTACIÓN DO SOLICITANTE:** Solicitud + pago da tarifa 2ª de actividades do Servizo Sociocomunitario( 8,15€/mes )

**RECURSO:** Escolas de familia  
**PROGRAMA:** PROMEDEX 5

**DESCRIPCIÓN:** Concíbese como un espazo pedagóxico donde se exponen as principais problemáticas e dificultades que os pais, nais, avós e avóas atopan no seu papel de educadores, para atopar as solución máis axeitadas realizando de maneira conxunta unha análise DAFO da situación.

Concíbese tamén unha acción de sensibilización para creación de redes estables de cooperación entre ANPAS e familias mediante a reunión coas ANPAS e creación de novos grupos.

**OBXECTIVOS:**

- ✓ Analizar as principais problemáticas educativas coas que se atopan os diferentes membros da familia á hora de educar aos seus fillos/as proporcionándolles ferramentas que lles permitan afrontar tales dificultades dunha maneira crítica e responsable.
- ✓ Ofertar un abano de recursos aos centros educativos para realizar fóra do horario lectivo

**LUGAR DE UBICACIÓN:** centros educativos públicos de Narón

**IDADE DE REFERENCIA:** membros adultos da familia a partir de 18 anos e fillos/as

**GRUPOS MÁXIMOS:** 15 persoas por grupo

**DATAS:** De outubro a maio

**HORARIO:** en horario de tarde entre as 16:00 e as 20:00 h

**SOLICITUDE INSCRIPCIÓN:** no rexistro de entrada do Concello.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** mes de setembro

**APORTACIÓN DO CONCELLO:**

Recursos humanos:

- ✓ Unha educadora social de apoio
- ✓ Un supervisor xeral licenciado en ciencias da educación
- ✓ Educadores/as ou expertos profesionais de diferentes ramas educativas

Recursos materiais:

- ✓ Folios de cores, fichas, bolígrafos, rotuladores para as dinámicas grupais.
- ✓ Material multimedia
- ✓ Libros, revistas, etc



NARÓN

MSR

**APORTACIÓN DO SOLICITANTE:** Solicitud + pago da tarifa 2ª de actividades do Servizo Sociocomunitario( 8,15€/mes ). Esta tarifa será abonada por un único membro da familia

**RECURSO:** obradoiro de arte e cultura urbana( graffiti)

**PROGRAMA:** PROMEDEX 5

**DESCRICIÓN:** Proponse como un obradoiro lúdico-educativo no que se traballarán diversas temáticas de interese social para a xuventude, ao tempo que se adquiriran coñecementos básicos sobre o mundo e as técnicas do graffiti como soporte e medio de reflexión, expresión, reivindicación e participación social.

**OBXECTIVOS:**

- ✓ Trátase de promover na xuventude una actitude reflexiva, crítica e responsable en relación a diversas problemáticas de índole social ao tempo que se crean e favorecen novas formas e espazos de expresión e participación sociocomunitaria
- ✓ Ofertar un abano de recursos aos centros educativos para realizar fóra do horario lectivo

**LUGAR DE UBICACIÓN:** centros cívico sociais das parroquias de Narón ou casa da mocidade

**IDADE DE REFERENCIA:** ESO e bacharelato

**GRUPOS MÁXIMOS:** 15 persoas por grupo ata un máximo de 1 grupo

**CENTROS EDUCATIVOS PARTICIPANTES:** I.E.S As Telleiras, I.E.S Terra de Trasancos e CPI O Feal.

**DATAS:** De outubro a maio

**HORARIO:** 3 h semanais en horario de tarde entre as 16:00 e as 20:00 h

**HORAS MENSUAIS:** 12 H

**SOLICITUDE INSCRICIÓN:** no rexistro de entrada do Concello.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** mes de setembro

**RECURSOS HUMANOS:** 1 artista especializado/a en graffiti + coordinación da educadora social municipal

**RECURSOS MATERIAIS:**

- ✓ Sprays, pinturas, brochas, cubos, pincéis,
- ✓ Papel bovina
- ✓ Cinta de carroceros
- ✓ Lubas, plástico de invernadoiro



**NARÓN**

*MSR*

✓ Mascarillas

**APORTACIÓN DO SOLICITANTE:** Solicitude + pago da tarifa 2ª de actividades do Servizo Sociocomunitario( 8,15€/mes )

**RECURSO:** obradoiro de canción xuvenil

**PROGRAMA:** PROMEDEX 5

**DESCRICIÓN:** Proponse como un obradoiro de iniciación á música polifónica no que se tratará de adentrar aos mozos/as no mundo da música coral mediante o adestramento musical a través de melodías de música pop, rock dunha maneira amena e participativa.

**OBXECTIVOS:**

- ✓ Trátase de promover a participación da xuventude mediante novas formas de participación sociocomunitaria e adentralos no mundo da música como ferramenta de expresión.
- ✓ Ofertar un abano de recursos aos centros educativos para realizar fóra do horario lectivo

**LUGAR DE UBICACIÓN:** centros cívico sociais das parroquias de Narón ou casa da mocidade

**IDADE DE REFERENCIA:** ESO e bacharelato

**GRUPOS MÁXIMOS:** 15 persoas por grupo ata un máximo de 1 grupo

**CENTROS EDUCATIVOS PARTICIPANTES:** I.E.S As Telleiras, I.E.S Terra de Trasancos e CPI O Feal.

**DATAS:** De outubro a maio

**HORARIO:** 3 h semanais en horario de tarde entre as 16:00 e as 20:00 h

**HORAS MENSUAIS:** 12 H

**SOLICITUDE INSCRICIÓN:** no rexistro de entrada do Concello.

**PRAZO DE SOLICITUDE:** mes de setembro

**RECURSOS HUMANOS:** 1 especialista en educación musical + coordinación da educadora social municipal

**APORTACIÓN DO SOLICITANTE:** Solicitude + pago da tarifa 2ª de actividades do Servizo Sociocomunitario( 8,15€/mes )